

Concurso de méritos: prazas sometidas a convenio ou programas

Creemos que se debe facer unha diferenza entre as prazas de especialidades de FP en centros de defensa e CIFP, que deberían ter un baremo como o concurso de traslados e sen ter que presentar proxecto, e o resto das prazas.

Solicitamos de novo que non se restrinxa o acceso a estas prazas ao **funcionariado en prácticas** e ao **persoal interino**, mantendo ao persoal interino na praza durante o tempo de duración da comisión, sempre que lle corresponda traballar pola orde nas listas.

Aceptan incluír ao actual funcionariado en prácticas.

Non van aceptar o do persoal interino mais afirman que, no caso de prazas que queden desertas, as prazas serán de aceptación voluntaria no CADP, polo que o efecto será o mesmo que o que demandamos.

A formación en centros do Exército debería estar regulada doutra maneira e se hai necesidades permanentes, esta formación debería ser transferida á Consellaría de Educación.

Os convenios con entidades privadas deben limitarse e non nos parece que sexa o mellor sistema de colaboración con entidades que teñen necesidades permanentes. Debería buscarse outra solución.

Consideramos que sería bo incorporar unhas indicacións do proxecto a presentar, cando menos que temas tratar.

Propostas ao baremo e texto da convocatoria

Artigo 5.1. Solicitamos unha comisión máis técnica, con perfís de profesorado con experiencia, cando menos, nalgunha das prazas

Convenio	prazas
Escola de Especialidades Antonio de Escaño (Ferrol)	12
Escola de especialidades fundamentais da Estación Naval de A Graña (Ferrol)	12
Consellaría de Economía, Emprego e Industria. CIFP de Coia-Vigo	4
Consellaría de Economía, Emprego e Industria. CIFP Santiago	1
Consellaría de Sanidade. CHU de Santiago	1
Consellaría de Política Social	1
ASPANAES (A Coruña)	1
AFEXDI (Santiago de Compostela)	1
ASPAS (Santiago de Compostela)	1
Coordinador/a escolarización poboación marxinada (Lugo)	1
Programas	prazas
Amtega. Asesoría Abalar	5

ou perfís que se solicitan. Inclúese ao director da área de solucións tecnolóxicas do AMTEGA, supoñemos que é polas prazas Abalar. O normal é buscar de igual forma

perfís mellor adaptados para as prazas solicitadas.

Artigo 6. Estamos en desacordo coa entrevista e pedimos que se retire. De existir só tería sentido se estivese razoada polas dúbidas que lle poidan xurdir á comisión para prazas cun perfil moi técnico. Na maioría dos casos non ten o menor sentido. Por outro lado, o proxecto non debe ser eliminatorio.

Baremo. Punto 4. Solicitamos que o proxecto se faga en galego.